

A análise do apartado referente ó medio ambiente realizarase a partir dos datos recollidos nos Presupostos Xerais da Xunta, a Consellería de Medio Ambiente e o Ministerio de Medio Ambiente.

En relación ás competencias desta Consellería, o Decreto 351/1997, de 10 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, dispón que a Consellería de Medio Ambiente estrutúrase nos seguintes órdenes superiores: Secretaría Xeral, DX de Montes e Medio Ambiente Natural, DX de Calidade e Avaliación Ambiental e Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental.

O **cadro 6.6.1.** reflicte a distribución dos créditos por programas da Consellería de Medio Ambiente, onde os programas 614C, de Ordenación, reestructuración e desenvolvemento do sector forestal, que englobaría tódalas actividades que a D.X. de Montes e Medio Ambiente Natural desenvolve para as accións de fomento do sector forestal e o desenvolvemento do Plan Forestal de Galicia, e o programa

422C, de Prevención e defensa contra incendios, acollen o 70% do total dos presupostos da Consellería.

O presuposto da Consellería ascende a 19.102 millóns en 1998, dos que un total de 9.142 millóns (o 47,86%) corresponden ó capítulo VI, investimentos reais.

Xunto á actuación da Consellería, na mellora e conservación medio ambiental tamén colaboran a sociedade pública Sogama, con 16.125 millóns de pesetas, e Augas de Galicia, da que, tal e como se reflicte no **cadro 6.6.2.**, os seus investimentos reais ascenden a 16.142 millóns de pesetas.

Os presupostos da Xunta inclúen unha previsión de ingresos por gravames de contaminación atmosférica, por un importe de 2.300 millóns de pesetas, un 2,1% menos que a cantidade presupostada o exercicio anterior, que era de 3.350 millóns.

Esta redución débese á redución en xeral da contaminación emitida, xa que os suxeitos pasivos a través de determinadas

CADRO 6.6.1. Presuposto consolidado da Consellería de Medio Ambiente 1998: distribución por programas

(en millóns de pesetas)

342A	Protección e Mellora do Medio Ambiente	4.216,2
422C	Prevención e Def. contra Incendios Forestais	6.698,9
614C	Orden., Reestruct. e Desenvolv. Sector Forestal	6.687,3
345A	Direccións e Servicos Xerais de Medio Ambiente	819,0
432A	Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico	174,0
441A	Elaboración e difusión estatística	6,8
799A	Accións do Plan de crecemento e emprego	500,0
Total		19.102,2

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A .

CADRO 6.6.2. Proxecto de investimentos de Augas de Galicia 1997-98

	1997	1998	98/97
	(en miles de pesetas)		(%)
342A Protección e mellora do Medio Ambiente			
601 Infraestruturas, saneamento, protección e M.A. (obra hidráulica e M.A.)	5.931.234	12.621.715	112,80
648 Gastos en investimentos de carácter inmaterial	85.000	130.000	52,94
412A Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos			
601 Infraestruturas, saneamento, protección e M.A. (obra hidráulica e M.A.)	3.526.766	3.305.285	-6,28
623 Maquinaria, instalacións e utensilios	10.000	10.000	0,00
624 Material de transporte	10.000	15.000	50,00
625 Mobiliario e útiles	10.000	15.000	50,00
626 Equipos para procesos de información	10.000	20.000	100,00
640 Gastos en investimentos de carácter inmaterial	30.000	25.000	-16,67

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A .

actuacións teñen a posibilidade de ir diminuíndo a cantidade a pagar por este imposto introducindo tecnoloxías máis limpas.

Os incendios forestais

No ano 1998 descendeu o número total de incendios forestais rexistrados en Galicia un 10,11%, ó pasaren dos 14.388 incendios de 1997 ós 12.934 lumes no ano 1998. Sen embargo, tal e como reflicte o **cadro 6.6.3.**, este descenso non se produciu en tódalas provincias galegas, ó rexistrarse a provincia de Ourense un total de 519 incendios máis (un 13,74% máis) en relación ó ano anterior.

Malia este descenso no número de incendios rexistrados na comunidade galega, a superficie total afectada aumentou un

73,67%, para situarse nas 48.117,77 hectáreas, fronte ás 27.706,91 hectáreas do ano anterior. Este aumento ven explicado tanto polo aumento dos lumes en superficie arbolada como en superficie rasa, que aumentaron un 93,11% e un 68,53%, respectivamente.

Atendendo á desagregación por provincias, a superficie total afectada non aumenta nas catro provincias xa que na provincia de Lugo esta descende en 379,73 hectáreas por mor do descenso da superficie rasa afectada. Na provincia de Ourense, non só salienta o incremento do número de lumes senón que presenta o 54,94% da superficie total afectada en Galicia, tras un aumento da mesma dun 102% respecto ó ano anterior. Pontevedra presenta tamén un forte crecemento da

CADRO 6.6.3.
Incendios forestais 1997-98
1997

	número	superficie afectada		
		sup. arbolada	sup. rasa (en has.)	sup. total
A Coruña	3.927	1.687,53	2.790,14	4.477,67
Lugo	1.968	883,19	5.527,45	6.410,64
Ourense	3.776	1.848,39	10.276,49	12.124,88
Pontevedra	4.717	1.375,67	3.318,05	4.693,72
Total	14.388	5.794,78	21.912,13	27.706,91
España	22.479	21.871,00	66.413,50	88.284,50

1998

	número	superficie afectada		
		sup. arbolada	sup. rasa (en has.)	sup. total
A Coruña	2.773	2.847,17	2.597,48	5.444,65
Lugo	1.794	906,55	5.124,36	6.030,91
Ourense	4.295	4.244,16	20.266,84	24.511,00
Pontevedra	4.072	3.192,27	8.938,94	12.131,21
Total	12.934	11.190,15	36.927,62	48.117,77
España (1)	12.368	24.957,70	36.985,30	61.943,00

(1) xaneiro-agosto 1998

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da *Consellería de Medio Ambiente* e do *Ministerio de Medio Ambiente*
CADRO 6.6.4.
Plan Infoga 1998: investimentos

(en pesetas)

Obras e medidas de prevención	1.390.333.592
Accións dirixidas ó territorio	1.325.846.592
Accións dirixidas á poboación	64.487.000
Vixiancia e detección	500.000.000
Extinción	4.881.807.408
Investigación	12.444.000
Formación e coordinacións	192.158.000
Total	6.976.743.000

Fonte: *Consellería de Medio Ambiente*
CADRO 6.6.5.
Actuacións realizadas do Plan Infoga 1998

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Incendios atendidos	12.935	2.773	1.794	4.295	4.073
Obras de infraestrutura preventiva					
Mellora e construción de pistas (en Km.)	1.076	122	260	363	331
Corta Lumes (en Has.)	1.962	320	1.008	580	54
Puntos de auga (en uds.)	518	252	15	120	131
Queimas controladas (en Has.)	11.000	3.794	3.775	1.940	1.491
Autorización de queimas	279.520	121.985	43.765	31.585	82.185
Subvencións tramitadas	394	135	6	81	172
Expedientes sancionadores	944	100	376	29	439
Valoracións a instancia xudicial	4.106	12	5	16	4.073
Selección persoal temporal	3.769	925	898	1.145	801
Contratación persoal temporal	1.872	582	-	672	618
Parque móbil	393	106	57	72	158
Oficinas comarcais	31	7	10	9	5
Charlas concienciación	499	147	162	138	52

Fonte: *Consellería de Medio Ambiente*

CADRO 6.6.6.

Composición media dos RSU 1996-98

(%)

	1996/97	1997			1997/98
	Inverno	Primavera	Verán	Outono	Inverno
Metais	3,19	3,00	3,67	3,79	3,67
Vidro	6,39	6,30	9,42	4,30	5,06
Plástico	11,51	11,70	8,28	12,06	11,59
Papel	21,11	21,19	23,60	17,34	14,55
Orgánicos	18,55	18,64	21,17	29,64	21,81
Outros	3,19	3,15	1,77	7,13	8,33
Humidade	36,02	36,02	32,16	25,71	34,49

Fonte: Consellería de Medio Ambiente

CADRO 6.6.7.

Presupostos de investimentos do Plan de Xestión de RSU 1998-2001:
distribución por programas

(en millóns de pesetas)

	1998	1999	2000	2001	1998-2001
Programa de redución	39	103	112	116	371
Programa de reutilización	17	147	125	168	457
Programa de recollida selectiva e reciclaxe	754	1.763	1.611	1.462	5.591
Programa de valorización	17.887	18.972	1.408	300	38.567
Programa de recuperación de espazos degradados	293	280	1.169	2.494	4.237
Programa de recollida de pilas usadas	147	7	3		156
Total	19.137	21.272	4.428	4.541	49.378

Fonte: Consellería de Medio Ambiente

superficie afectada, cun 158,46% máis que o ano anterior, convertíndose en 1998 na segunda provincia en canto ó número de hectáreas afectadas.

Cruzando os datos da Consellería de Medio Ambiente e do Ministerio de Medio Ambiente, os incendios rexistrados en Galicia en 1997 representaron o 64% do total de lumes en España, aínda que a superficie total afectada en Galicia foi o 31,4% do total español. O ministerio afirma que do total de incendios maiores de unha hectárea rexistrados en España en 1997, Galicia sufriu o 46,4%, seguida de Castela e León, co 14,8%.

En relación ós incendios forestais, os **cadros 6.6.4. e 6.6.5.** recollen os investimentos e as actuacións realizadas seguindo o plan Infoga 1998. No concerne ós

investimentos, o **cadro 6.6.4.** amosa que o investimento do Plan Infoga ascendeu a 6.976,7 millóns de pesetas, sendo a partida máis importante a adicada á extinción de incendios, con 4.881,8 millóns de pesetas.

Tratamento de residuos

En 1998 completouse o marco legal para o tratamento dos residuos, coa aprobación da Lei 10/1998, do 21 de abril, de Residuos, que regula o réxime legal dos residuos, e o Real Decreto 772/1998, do 30 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de Envases e Residuos de Envases.

Os residuos sólidos urbanos (RSU) están compostos fundamentalmente por

restos de comida, papel, cartón e plásticos de todo tipo, téxtiles, goma, coiro, madeira, residuos de xardín, vidro, cerámica, latas, aluminio, metais férreos, productos cosméticos e de limpeza, po e refugallos das tarefas do fogar e outros de menor contía. O **cadro 6.6.6.** recolle a composición media dos RSU en Galicia.

En relación ó presuposto de investimentos por programas do Plan de Xestión de RSU de Galicia, o **cadro 6.6.7.** reflicte que para 1998 o plan previu un investimento por valor de 19.137 millóns de pesetas e que o presuposto para o período 1998-2002 é de 49.378 millóns. Como se pode apreciar, o programa con maior presuposto é o de valorización, que acolle o 93,5% do presuposto de 1998. As súas principais actuacións son as da planta termoeléctrica de Sogama e a construción da PRTE de Sogama, con 8.311 e 5.829 millóns de pesetas, respectivamente.

O financiamento do Plan programado será realizado segundo os seguintes criterios e procedementos:

- A recollida xeral de RSU será financiada, como ata agora, na súa totalidade polos concellos;

- A realización da recollida selectiva de papel e cartón, vidro e plástico farase a cargo dos entes locais, ós que lles pagarán o extra-custo que orixina pasar dunha recollida en masa a unha selectiva, correndo o custo de transporte ás plantas de selección e o tratamento nelas por conta das asociacións recuperadoras;

- Sogama financiará as estacións de transferencia a través dos seus fondos propios, dos recursos obtidos nos mercados de capitais e dos Fondos de Cohesión; Sogama, a Xunta e os entes locais asumirán os investimentos e os gastos do proxecto de construción de “puntos limpos”,

debedo achega-los concellos os terreos e sendo por conta deles os custos de explotación;

- En febreiro de 1998, o Ministerio de Medio Ambiente transfiriu a propiedade da planta de tratamento de pilas á Xunta, sendo asumidos os custos derivados de mantemento dos contenedores específicos e a súa instalación polos entes locais;

- O financiamento das campañas de sensibilización e información correrá a cargo da Xunta de Galicia, de Sogama, dos entes locais e dos sistemas integrados de xestión, segundo se establece no devandito plan;

- Finalmente, no que á rexeneración de espazos degradados se refire, os fondos partirán dos presupostos da Xunta, das axudas do Estado ou da UE, de doazóns particulares ou de empresas, da recadación polas infraccións á normativa e a porcentaxe do canon de xestión dos RSU. O conxunto destes fondos xestionarase a través do Fondo de Recuperación de Espazos Degradados, tal e como se recolle na lei.

O investimento de Sogama reflectido nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma acadou os 14.529 millóns de pesetas en 1998. Os investimentos máis importantes foron os da ampliación da empacadora provisional de Cerceda, a construción de tres plantas de transferencia, a construción das instalacións necesarias para levar a cabo o Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia e 750 millóns para realizar parte do Programa de Minimización, Reutilización e Recollida Selectiva e Reciclaxe dos RSU. ■

